

Asunto: Resolución de nomeamento do tribunal

Procedemento: Proceso de selección de actores/actrices para as producións do ano 2022/2023 do Departamento de produción teatral da Agadic.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

- 1) Agadic é unha entidade pública instrumental que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos e fomentando a oferta de bens e servizos e a asignación de ingresos suficientes e estables, de acordo co disposto no artigo 3 da Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Agadic.
- 2) Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas.
- 3) Dentro da planificación do ano 2022 e coa perspectiva no 2023 o Centro Dramático Galego promove a produción de tres espectáculos para os que se precisa a contratación de actores e actrices: *Recortes, caneos e outras formas de dribar, Shakespeare en Roma e Un hotel de primeira sobre o río*.
- 4) Con data 20 de maio de 2022 a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publica no DOG núm. 97 o anuncio polo que se lle dá publicidade á convocatoria e ás bases reguladoras do proceso de selección para a contratación, pola modalidade de relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, conforme o disposto no Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, de dezaoito (18) prazas de actrices e actores, cinco (5) coa categoría de protagonistas e trece (13) coa categoría de principais repartidas nas tres producións do Departamento de Producción Teatral no período 2022-2023.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1) O director é o órgano competente para a resolución dos expedientes de contratación e actúa por delegación en representación da Agadic, de acordo co disposto na Resolución do 24 de xullo de 2012, do Consello Reitor da Agadic, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección



da Agadic, DOG do 29 de agosto de 2012, no exercicio das facultades conferidas ao presidente do Consello Reitor pola Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Agadic e o Decreto 150/2012 de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Agadic.

- 2) En virtude do artigo 7 dos estatutos da Agadic, aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo, correspóndelle a esta entidade, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.
- 3) Neste contexto, conforme ao artigo 26 dos estatutos da entidade, correspóndelle ao seu departamento de Producción Teatral o desenvolvemento da política de creación e programación teatral relativo ao Centro Dramático Galego e ao Salón Teatro, tarefa que se concreta, entre outros aspectos, na necesidade de facer a selección e o contrato dos artistas para aqueles espectáculos que o requiran.
- 4) Por outra parte, no artigo 17.1 establécese que lle corresponde ao Consello Reitor do organismo autorizar a realización daqueles contratos referidos ao réxime especial de artistas.
- 5) Co obxecto de levar a cabo as producións teatrais previstas para o segundo semestre do ano 2022 e o ano 2023, e en consecuencia, proceder á selección das actrices e actores que formarán parte dos elencos para a súa contratación mediante relación laboral de carácter especial, previa aprobación do Consello Reitor, apróbanse as bases que rexerán o proceso de selección. Publicouse no Diario Oficial de Galicia, DOG núm. 97 do 20 de maio de 2022, o anuncio da data do inicio deste proceso, así como a indicación de onde poden consultarse estas bases e o resto da documentación relativa a esta convocatoria, que será na páxina web da Agadic (www.agadic.gal) e no taboleiro desta axencia.
- 6) Con data 17 de xuño de 2022 o responsable do departamento de produción teatral emite informe no que propón o nomeamento do tribunal que xulgará o proceso de selección para a contratación, pola modalidade de relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, conforme o disposto no Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, de dezaioito (18) prazas de actrices e actores, cinco (5) coa categoría de protagonistas e trece (13) coa categoría de principais repartidas nas tres producións do Departamento de Producción Teatral no período 2022-2023.



Por todo o que antecede

RESOLVO:

Nomear o tribunal cualificador, titulares e suplentes, deste proceso selectivo que, de acordo coa base oitava das bases reguladoras da selección de actores/actrices para as producións do ano 2022-2023 do Departamento de produción teatral da *Agadic, Recortes, caneos e outras formas de dribar, Shakespeare en Roma e Un hotel de primeira sobre o río*, terá a seguinte composición:

Presidencia

Francisco Javier Núñez Alonso, titular
Francisco Veiga Bellón, suplente

Vogalía xeral

Susana Caamaño Gómez, titular
Paula Patricia Agulló López, suplente

Vogalía espectáculo *Recortes, caneos e outras formas de dribar e Un hotel de primeira sobre o río*

Venancio Rodríguez Asorey
Sara Rey Seoane

Vogalía espectáculo *Shakespeare en Roma*

Francisco Cadaval Ayaso
María Jesús Barcala Porto
Sara Rey Seoane
Rui da Silva Madeira

Vogalía espectáculo *Un hotel de primeira sobre o río*

Gonçalo Nuno Peñão Guerreiro Cabrita
María Gloria Torres Fernández

Secretaría

José Manuel González Sanmartín, titular
María Paredes Rodríguez, suplente

En Santiago de Compostela, asina na data que figura na marxe,

Jacobo Sutil Nesta.
Director da Agadic

